

- 1909.** O porto de Barcelona ten 119 viveiros flotantes ou bateas.
- 1917.** O Instituto Español de Oceanografía abre a súa sede en Vigo.
- 1930.** Regúlase por primeira vez o uso de viveiros de moluscos en España.
- 1932.** Autorización a Pedro Vázquez de Puga, secretario do Xulgado de Bouzas, para instalar un viveiro flotante de mexillón en Tirán (Ría de Vigo) destruído por un temporal en febreiro do ano seguinte.
- 1943.** D. Luís Iglesias, catedrático de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, realiza un dos primeiros estudos sobre "mareas vermellas".
- 1945.** D. Calixto Vázquez Pérez obtén autorización para instalar baixo no porto de Vilagarcía de Arousa, dous depósitos para a cría e recría de ameixas e mexillóns.
- 1946.** Ano 0 da historia do mexillón en Galicia. D. Alfonso Ozores, en representación de Viveros del Rial S.L., instala a primeira batea experimental para o cultivo de mexillón no porto de Vilagarcía. En novembro xa son 10 bateas produtivas bautizadas de "M1" a "M10". En 1956, transfírense os seus activos a Conservas Pompeán que cesa a actividade en 1962.
- 1946.** Inicio da 'crise da sardiña' que durou ata 1956 e forzou os empresarios conserveiros a cubrir a demanda con outras especies.
- 1948.** Instalación das primeiras bateas nas rías de Vigo e de Ferrol.
- 1949.** Lopez-Capont crea en Vigo o Laboratorio da Unión Nacional de Fabricantes de Conservas.
- 1950.** Concesión para a instalación do primeiro viveiro flotante para a cría de mexillón na Ría de Pontevedra.
- 1952.** Iníciase a actividade do "Laboratorio costero de Vigo" resultando en traballos pioneiros sobre o cultivo do mexillón (composición química, parasitoxía, etc).
- \* Concesión para a instalación das primeiras bateas nas rías da Coruña e Ribadeo.
- 1953.** O Ministerio de Comercio modifica a regulación dos viveiros flotantes de mexillón para potenciar o éxito das bateas en augas galegas esixindo uns requisitos aos solicitantes (Orde de 16-XII, BOE nº 356). Ata esa data, estaba regulada por una R.O. de 1930.
- \* Concesión para a instalación das primeiras bateas na Ría de Sada.
- 1956.** Concesión para a instalación das primeiras bateas na Ría de Muros.
- \* 410 bateas de mexillón en Galicia.
- 1958.** Publícase "Sobre el cultivo del mejillón en Galicia" de Buenaventura Andreu Morera (Industrias Pesqueras 745-746:44-47)
- 1960.** O Anuario Estadístico de España recolle por primeira vez unha estimación da produción de mexillón galego en batea.
- \* 1.099 bateas de mexillón en Galicia.
- 1961.** Publicación dunha nova Regulamentación para a explotación de viveiros de cultivo situados na zona marítima (Decreto de 30-11-1961) con renovacións cada 10 anos e caducidade se existe demora de 2 anos na posta en marcha desde a concesión.
- 1962.** Apróbase o regulamento para o «Recoñecemento da Calidade e Salubridade dos Moluscos» que destaca a necesidade de centros depuradores de moluscos.
- \* FAO recolle por primeira vez unha estimación da produción de mexillón galego en batea.
- 1963.** Primeira ordenación espacial dos puntos de fondeo das bateas e deseño en polígonos polo Ministerio de Comercio.
- 1964.** Instalación da primeira depuradora de mariscos de España, DEMARSA, S.A, en Aguiño (Ría de Arousa) (Orde de 16-5-1964) co asesoramento de B. Andreu, director de Investigaciones Marinas de Vigo (CSIC) desde a súa fundación ata 1967.
- 64-75** Rápido crecemento de depuradoras, que son a canle obrigatoria para o envío de mexillón fresco ao mercado.
- 1966.** 2.050 bateas de mexillón en Galicia.
- 1968.** Cooperación entre EEUU e España inicia a investigación oceanográfica na ría de Arousa coa colaboración entre o IEO e o Skidaway Institute of Oceanography e Woods Hole Oceanographic Institute.
- \* Fundación de PROINSA (Promotora Industrial Sadense SA), a máis importante propietaria

de bateas de mexillón de España.

**70's.** España sitúase como primeiro produtor mundial de mexillón ata 1987.

**1970.** Creación do "Plan de Explotación Marisquera de Galicia" e dun Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), con sedes en Corón (Ría de Arousa) e Ribadeo (costa lucense).

\* Lopez-Capont crea a primeira cátedra de "Tecnoloxía pesqueira de España na Universidade de Santiago".

**1974.** Créase a Sociedade Mexilloeira de Galicia SA, SOMEGA (Sociedad Mejillonera de Galicia SA), para mellorar a comercialización do mexillón. Fracasa tres anos máis tarde pola crise económica do país e de Europa.

**75-80.** Formación de numerosas asociacións e cooperativas como resposta aos baixos prezos e a escasa rendibilidade para ter maior control das vendas.

**1976.** Publícase "The seasonal upwelling cycle along the eastern boundary off the North Atlantic" (Wooster, W.S. et al. Journal of Marine Research, 34, 131-140).

\* Paralización da concesión de novas bateas de mexillón nas rías galegas (Orde de 31-5-1976) por perda de demanda e de calidade.

\* 3.095 bateas de mexillón en Galicia de 5600 concesións.

\* Primeiro impacto serio das 'mareas vermellas' cunha caída en picado das vendas.

**1977.** IEO establece a rede de alerta de fitoplancto tóxico como resposta a intoxicacións de 1976.

**1977.** Creación das cooperativas AMEGROVE (O Grove) e AMC (Boiro) que introduce o sistema de cotas entre produtores.

**1979.** Nace a Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos (AGADE) e a Federación de Produtores de Mexillón de Galicia (FEPMEGA) a partir de 22 asociacións de mexilloeiros coa finalidade de "fixar prezos e controlar a produción" (IP 1988, nº 1457, p.22).

**80s** Importante desenvolvemento tecnolóxico e mellora da infraestrutura da man de empresas como Talleres Aguín (O Grove) na mecanización e J.J. Chicolino (Boiro) nos materiais.

**1980.** 3300 bateas de mexillón en Galicia.

**1981.** O "Plan de Explotación Marisquera de Galicia" publica "Biología y Ecología del Mejillón" de A. Landín.

\* Publicación de "Upwelling off the Galician coast, northwest Spain". En Coastal Upwelling. Editor: F.A. Richards. Coastal and Estuarine Science, Washington DC, pp 176-182.

\* Derogación da orde de 1976 e nova concesión de bateas de mexillón nas rías galegas. (Orde de 13-3-1981; BOE nº142)

**1982.** Constitúese a Asociación Galega de Cocedeiros de Mexillón (AGACOME).

\* A Xunta de Galicia asume as competencias da acuicultura nas augas interiores de Galicia decidindo non aumentar as concesións.

Publícase "El cultivo de mejillón en la ría de Arousa" (Mariño, J. et al. Boletín IEO 7(2):297-308)

**1983.** Primeiro Seminario de Ciencias do Mar: As Rías Galegas organizado polo Seminario de Estudos Galegos en Vigo.

**1984.** Publicación de "El paradigma del mejillón" (Labarta, U. El País, 20 de Julio) e "Capacidad de polígonos de viveros flotantes" (Porta, F. Informe da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación).

**1986.** En substitución de FEPMEGA, fundación de OPMAR (Organización de Produtores de Mexillón de Arousa) que en 1996 se converteu en OPMEGA (Organización de Produtores de Mexillón de Galicia) como vía para aspirar ás competencias e axudas para 'Organizaciones de Productores' da CEE.

\* Créase o actual Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) en Bouzas, herdeiro do "Laboratorio costero de Vigo" e antes coñecido como Instituto de Investigacións Pesqueiras (1978-1986).

\* Mediante o Decreto 197/1986 a Xunta de Galicia regula o procedemento de revisión e reordenación de polígonos así como as características das bateas (superficie máxima de 500 m<sup>2</sup> e 500 cordas de 12 metros de lonxitude) para reducir a presión sobre o medio mariño.

\* Publicación de "Identificación del mejillón del NO. de la Península Ibérica como Mytilus

Galloprovincialis LMK.” (SanJuan et al., 1986).

**1987.** Publicación de "El cultivo del mejillón en España" (Porta, F. e J. Pardellas, Cuadernos del FROM 14. MAPA. Madrid)

\* 3.242 bateas de mexillón en Galicia.

**1989.** Celebración do Primeiro Seminario Internacional do Mexillón en O Grove organizado pola Xunta e o Seminario de Estudos Galegos e recollido nun especial da revista Aquaculture en 1991.

**1990.** "El mejillón, biología, cultivo y comercialización." (Durán, C., R. Acuña e J. Santiago. Fundación Caixa Galicia. A Coruña).

\*Rodman Polyships SA (Vigo) fabrica o primeiro buque mexilloeiro en poliéster reforzado con fibra de vidro.

**1992.** A Consellería de Pesca asume a monitorización do fitoplancto tóxico nas augas galegas e crea o Centro de Control da Calidade do Medio Mariño en Vilaxoán, hoxe Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR).

**1993.** O Laboratorio de Biotoxinas Marinas de Vigo é designado como EURLMB, Laboratorio de Referencia da Unión Europea de Biotoxinas Mariñas.

\* Clasificación da Xunta das zonas de produción de mexillón seguindo a normativa europea (Real Decreto 345/1993).

\* As vendas de mexillón caen a 91.000 T pola mareas vermellas.

**1994.** "Upwelling-Downwelling sequences in the generation of red tides in a coastal upwelling system" (Mar. Ecol. Prog. Ser. 112:241-253)

\* A Xunta crea zonas de reparqueo para a autodepuración das biotoxinas que son ampliadas ao ano seguinte.

**1994.** Nace o Consello Regulador do Produto Galego de Calidade “Mexillón de Galicia” para potenciar a diferenciación do produto e a súa defensa, así como da Denominación de Orixe “Mexillón de Galicia” recoñecida polo Ministerio de Pesca en 2001.

**1995.** O Decreto 116/1995 regula o control das biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

\* O grupo de Inmunoloxía e Xenómica do Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC, é nomeado Laboratorio Nacional de Referencia de Enfermidades de Moluscos Bivalvos.

\* Publicación de “La depuración de los moluscos Bivalvos” (B. Puerta, Fundación Caixa Galicia).

\* Contabilízanse en Galicia 53 depuradoras, máis do 70% das depuradoras de España.

\* España perde o liderado de produción mundial de mexillón sendo superada por China.

**1996.** Créase a CEMEGA (Confederación Central de Organizacións de Produtores Mexilloeiros de Galicia) para a mellora da comercialización en primeira venda do mexillón. Desaparece no 2000.

\* Asíñase un convenio entre a Comisión Oceanográfica Intergubernamental (COI) da UNESCO e o IEO para formar e apoiar os estudos sobre mareas vermellas en países iberoamericanos e do norte de África.

**1997.** Contabilízanse 3.337 bateas de mexillón en Galicia.

**2000.** A Xunta aproba o Regulamento da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia e do seu Consello Regulador. O Mexillón de Galicia foi o primeiro produto europeo do mar en ter este distintivo de calidade vinculada á orixe. Foi recoñecida polo Ministerio de Pesca ao ano seguinte.

**2001.** O Consello Regulador do Mexillón de Galicia e a Escola de Negocios Caixanova editan “La contribución de la actividad mejillonera al desarrollo local de Galicia” de García Erquiaga et al.

**2003.** Entra en vigor o acordo de Asociación e Libre Comercio entre a UE e Chile.

**2004.** Creación do Público INTECMAR.

**2006.** Galicia conta con 63 depuradoras de bivalvos con actividade.

**2007.** Liberalización completa do comercio de mexillón entre UE e Chile.

**2008.** Chile supera a España en produción de mexillón e sitúase como segunda potencia mitilicultora.

**2010.** "Plankton response to weakening of the coastal upwelling" de Pérez et al. (Global Change Biology, 16, 1258-1267).

**2015.** "Mexillón de Galicia", libro de fotografías de Xurxo Lobato editado polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia.